

## **Santalices recomenda unha actitude aberta cara as novas formas de xestión e organización do traballo preservando os dereitos laborais**

- O presidente do Parlamento participou na sesión inaugural do XXVIII Congreso da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, que se celebra na Facultade de Dereito da USC
- Defende unha maior apertura social do Parlamento, tamén á Universidade, na procura de ideas e achegas que melloren a calidade do traballo de deputadas e deputados

**Santiago, 31 de maio de 2018.-** O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, defendeu hoxe unha actitude aberta fronte ás novas formas de xestionar e organizar o traballo, e recomendou que calquera reforma que se emprenda teña en conta os intereses dos traballadores e salvagarde os dereitos laborais.

O titular do Legislativo galego compartiu esta reflexións na inauguración do XXVIII Congreso da Asociación Española de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, que desde esta mañá se celebra na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela baixo o lema *Descentralización produtiva: novas formas de traballo e organización empresarial*.

### **Apertura do Parlamento**

Santalices Vieira reivindicou o espírito de apertura do Parlamento de Galicia co obxectivo de incrementar a confianza da sociedade nas institucións.

Apostou por unha maior presenza e relación da Cámara coa Universidade na procura de ideas e achegas que melloren a calidade do traballo de deputadas e deputados. Puxo como exemplo o portal



xurídico *Lex.gal*, desenvolvido por proposta do Parlamento de Galicia coa colaboración da Xunta e da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago, que ofrece, de balde, unha base de lexislación galega consolidada.

O presidente do Parlamento subliñou tamén a importancia de ter en conta a opinión dos expertos, e a do conxunto da cidadanía, á hora de elaborar as leis na Cámara. Puxo como exemplo a súa experiencia durante a tramitación da Lei de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, á que incorporou emendas suxeridas por cidadáns coñecedores da realidade sobre a que se estaba lexislando.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.